

Cofinanciado por
la Unión Europea

ATHENA



ERASMUS+ CHARTER

RESOLUCIÓN REITORAL POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS E SE APROBA A CONVOCATORIA DE BOLSAS ERASMUS+ PRÁCTICAS DA UNIVERSIDADE DE VIGO PARA O CURSO 2025-26, DESTINADA AO ESTUDANTADO DE TITULACIÓNS OFICIAIS DE GRAO E MESTRADO

A Universidade de Vigo, como institución elixible tras a obtención da *Erasmus+ Charter for Higher Education* (ECHE) para participar no programa Erasmus+ 2021-2027, dispón de financiamento para tramitar bolsas de Erasmus prácticas no marco do proxecto 2024-1-ES01-KA131-HED-000225058¹, fondos cofinanciados polo programa Erasmus+ da Unión Europea. O contido desta convocatoria é responsabilidade exclusiva da Universidade de Vigo e nin a Comisión Europea nin o Servicio Español para la Internacionalización de la Educación (SEPIE) son responsables do uso que poida facerse da información aquí difundida.

En virtude da participación no programa *Erasmus+*, dos acordos de subvención asinados co Servicio Español para la Internacionalización de la Educación (SEPIE) e vista a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as disposicións aplicables da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e as súas normativas de desenvolvemento, en virtude das facultades que lle outorga a Lei orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do sistema universitario e o artigo 72 do Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, polo que se aproban os estatutos da Universidade de Vigo, esta reitoría

RESOLVE:

1. Anunciar a convocatoria de prácticas en empresas e organizacións que acepten ao estudantado de titulacións oficiais de grao ou mestrado para realizar un período de prácticas, curriculares ou extracurriculares, entre o 1 de xullo de 2025 e o 16 de xullo de 2026 en réxime de concorrencia competitiva, ao abeiro do programa *Erasmus+*.
2. Ordenar a publicación da convocatoria e as bases que a regulan recollidas no anexo I, no taboleiro da sede electrónica da Universidade de Vigo <https://sede.uvigo.gal/> e no Portal de bolsas da web da Universidade de Vigo.
3. Aplicarlle a este procedemento a tramitación de urxencia, pola cal se reducirán á metade os prazos establecidos para o procedemento ordinario, salvo os relativos á presentación de solicitudes e recursos.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Así e todo, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non caberá interpoñer o recurso contencioso-administrativo namentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Vigo, na data da sinatura electrónica

¹ Este proxecto está cofinanciado polo programa Erasmus+ da Unión Europea. O contido desta convocatoria é responsabilidade exclusiva da Universidade de Vigo e nin a Comisión Europea, nin o Servicio Español para la Internacionalización de la Educación (SEPIE) son responsables do uso que poida facerse da información aquí difundida.



Cofinanciado por
la Unión Europea



ATHENA



ERASMUS+

O reitor

Por delegación R.R. do 30/05/2024 (DOG 10/06/2024)

A vicerreitora de Internacionalización

M^a Isabel del Pozo Triviño

¹ Este proxecto está cofinanciado polo programa Erasmus+ da Unión Europea. O contido desta convocatoria é responsabilidade exclusiva da Universidade de Vigo e nin a Comisión Europea, nin o Servicio Español para la Internacionalización de la Educación (SEPIE) son responsables do uso que poida facerse da información aquí difundida.

Cofinanciado por
la Unión Europea

ATHENA



ERASMUS+ - STUDENT

ANEXO I

BASES QUE REGULAN A CONVOCATORIA DE AXUDAS DO PROGRAMA ERASMUS+ PARA PRÁCTICAS EN EMPRESAS E INSTITUCIÓN NO CURSO 2025-26 DESTINADAS AO ESTUDANTADO DE TITULACIÓN OFICIAIS DE GRAO E MESTRADO**1. OBXECTO**

Estas bolsas posibilitan a realización de estadias de prácticas formativas en empresas ou institucións internacionais cos principais obxectivos de contribuír a que o estudantado se adapte ás esixencias do mercado laboral a escala comunitaria, desenvolva competencias persoais, específicas e lingüísticas e mellore a súa comprensión da contorna cultural, económica e social do país de destino.

Establécense dúas opcións:

- a. Estudiantado matriculado na Universidade de Vigo** para a realización de prácticas curriculares ou extracurriculares:

Curriculares: a persoa titora das prácticas será o/a docente responsable da materia “prácticas externas”, quen indicará o número de créditos aos que equivalen as prácticas.

Extracurriculares: a persoa titora poderá ser calquera docente do centro salvo instrucións expresas do centro no que estea matriculado o estudantado.

- b. Persoas recentemente tituladas, sempre e cando soliciten a súa participación no programa durante o último curso dos seus estudos oficiais na Universidade de Vigo** e a súa estadia se leve a cabo no período máximo dun ano dende a finalización dos estudos.

2. REQUISITOS DAS PERSOAS SOLICITANTES**2.1. Requisitos xerais:**

- Estar matriculado/a en titulacións de grao ou mestrado universitario da Universidade de Vigo no momento de presentar a solicitude.
- Contar coa carta de pre-aceptación da empresa ou institución na que desexe realizar as prácticas.
- Contar cun informe favorable da persoa titora que acredite a relación das prácticas cos estudos da persoa solicitante.
- Non poderán solicitar a bolsa o estudantado que xa gozara dunha práctica Erasmus+ no mesmo ciclo de estudos.
- No caso de ter realizado anteriormente estadias Erasmus+ , a suma de todas elas xunto con esta que solicita non poderá superar os 12 meses en total en cada ciclo de estudos, grao ou mestrado universitario. Neste cómputo inclúense tanto as bolsas Erasmus+ Estudos como as de Prácticas e as realizadas nun ciclo superior de formación profesional.
- Non poderán solicitar un país de destino no que se teña ou tivera a súa residencia habitual
- As persoas candidatas deberán posuír a nacionalidade comunitaria ou estar recoñecidas polo país no que residen como residentes permanentes, refuxiados/as ou apátridas. Tamén serán elixibles as persoas candidatas con nacionalidade de terceiros países debidamente matriculadas na UVigo e que estean en posesión do NIE.



Cofinanciado por
la Unión Europea



ATHENA



- Queda excluído da convocatoria o estudiantado matriculado na UVigo en virtude doutros convenios ou programas de mobilidade.
- Non poderán obter a condición de beneficiarias as persoas nas que concorran algunha das circunstancias establecidas no artigo 13.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.2. Requisitos específicos segundo a opción das prácticas

Opción a: Estudiantado matriculado na Universidade de Vigo.

- Estar matriculado/a na Universidade de Vigo no momento de solicitar as prácticas en estudos conducentes á obtención dun título oficial e recoñecido en todo o territorio nacional, de grao ou mestrado. No caso de prácticas curriculares deberá estar matriculado na materia «Prácticas externas» vinculada segundo o plan de estudos de que se trate.
- É necesario ter superado polo menos o 50% dos créditos de que conste a titulación. Este requisito non é aplicable para o estudiantado de mestrado.

Opción b: Estudiantado matriculado no último curso do grao ou o mestrado que solicita a bolsas para realizar a estadía como **recén titulado/a**.

Poderán participar no programa *Erasmus+ Prácticas*, **sempre e cando soliciten a súa participación no programa durante o último curso dos seus estudos oficiais na Universidade de Vigo** e a súa estadía se leve a cabo no período máximo dun ano dende a finalización dos estudos.

3. TIPOS DE EMPRESAS OU INSTITUCIÓNS ADMISIBLES PARA A REALIZACION DAS PRÁCTICAS

O estudiantado poderá optar, de ser o caso, ás prazas de prácticas en empresas ofertadas pola súa facultade/escola ou ben poderá propoñer que as prácticas se leven a cabo nunha empresa ou institución da súa elección.

A empresa ou institución de acollida poderá ser:

- Calquera organización pública ou privada activa no mercado de traballo ou nos ámbitos da educación, a formación ou a xuventude. Por exemplo: unha empresa pública ou privada, incluídas as empresas sociais.
- Un organismo público, local, rexional ou nacional.
- Un interlocutor social ou outro representante da vida laboral, incluídas as cámaras de comercio, as asociacións artesanais ou profesionais e os sindicatos.
- Un instituto de investigación.
- Unha fundación.
- Un centro escolar, un instituto ou centro educativo de calquera nivel.
- Unha organización, asociación ou ONG sen ánimo de lucro.
- Un organismo de asesoramento académico, orientación profesional e servizos informativos.
- Unha Institución de Educación Superior.

Cofinanciado por
la Unión Europea

ATHENA



ERASMUS+ ALUMNOS

Os seguintes tipos de institucións non son admisibles como organizacións de acollida:

- As institucións da UE e outros organismos da UE, incluídas as axencias especializadas, cuxa listaxe exhaustiva se pode consultar no sitio web https://europa.eu/european-union/contact/institutions-bodies_es#instituciones-y-organismos, as organizacións que xestionen programas da UE, como as Axencias Nacionais, co fin de evitar conflitos de intereses ou dobre financiamento.
- As embaixadas e representacións diplomáticas do país de orixe do/da estudante.

4. RECOÑECIMIENTO DAS PRÁCTICAS

A Universidade de Vigo efectuará o recoñecemento académico das prácticas sempre e cando o estudantado acade os logros requiridos pola empresa ou institución de acollida.

Os trámites de recoñecemento das prácticas serán iniciados de oficio pola Oficina de Relacións Internacionais (ORI):

- **Prácticas curriculares en titulacións oficiais de grao e mestrado:**
Toda a información das prácticas será remitida ao profesorado da materia «Prácticas externas» coa finalidade de outorgar unha nota ao estudantado e incluíla na acta. De existir unha comisión específica no centro encargada de decidir sobre a validación das prácticas, esta será a responsable de validar as prácticas.
- **Prácticas extracurriculares en titulacións oficiais de grao e mestrado:**
Incluirase unha mención da realización das prácticas no expediente académico do estudantado.
- **Persoas recentemente tituladas:**
A ORI tramitará o documento *Europass Mobility Document*.

5. PERÍODO DE REALIZACIÓN DAS ESTADÍAS, DURACIÓN E FINANCIAMENTO

5.1. Período de realización das estadías

As prácticas terán que realizarse no período comprendido entre o **1 de xullo de 2025 e o 17 de xullo de 2026**, cunha dedicación equivalente a tempo completo.

5.2. Duración das estadías

As prácticas Erasmus+ terán unha duración mínima de 2 meses.

Cada estudante poderá participar no programa *Erasmus+* (estudos e/ou prácticas) por un período máximo de 12 meses por ciclo de estudos (grao ou mestrado). As persoas que realizen unha estadía Erasmus durante un ciclo formativo de grao superior deben ter en conta que esta estadía computa como período realizado durante o grao.

Para as persoas recentemente tituladas, este período de estadía computa dentro dos 12 meses de participación máxima para o ciclo de estudos no que está matriculada cando solicita a mobilidade.

Cofinanciado por
la Unión Europea

ATHENA



ERASMUS+ - ACTION 1

5.3. Financiamento

Financiarase unicamente **o período de estadía indicado na solicitude de participación**. O período de mobilidade con financiamento non poderá ser inferior a **2 meses** nin superior a **5 meses** para estadias en países asociados ao programa nin superior a **3 meses** para estadias en terceiros países non asociados ao programa.

Se con posterioridade ao remate do prazo de presentación de solicitudes se decide ampliar o período da mobilidade financiado, o estudiantado deberá comunicar á ORI, cun prazo mínimo de antelación de 30 días, a súa intención de prorrogalo para recibir a confirmación da posibilidade de ampliación, preparar a documentación necesaria e verificar se existe a posibilidade de ampliación da dotación económica. En todo caso, a estadía non poderá superar o límite de meses financiados establecidos.

5.4. Seguridade Social

Ser beneficiario/a da bolsa suporá a aceptación do previsto no Real decreto 1493/2011, do 24 de outubro, polo que se regulan os termos e as condicións de inclusión no réxime xeral da Seguridade Social das persoas que participen en programas de formación e na disposición adicional quincuaxésima segunda do texto reformado da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real Decreto Legislativo 8/2015, do 30 de outubro e modificado polo Real Decreto-Lei 2/2023, do 16 de marzo, de medidas urxentes para a ampliación de dereitos dos pensionistas, a redución da fenda de xénero e o establecemento dun novo marco de sustentabilidade do sistema público de pensións.

6. DOTACIÓN E PAGAMENTO

A contía máxima da bolsa dependerá do país de destino segundo os seguintes grupos:

GRUPO	PAÍSES	BOLSA ERASMUS+	BOLSA ERASMUS+ Bolseiras/os con menos oportunidades*
GRUPO 1	Alemaña, Austria, Bélxica, Dinamarca, Finlandia, Francia, Irlanda, Islandia, Italia, Liechtenstein, Luxemburgo, Noruega, Países Baixos e Suecia Rexións 13 e 14: Andorra, Estado de la Ciudad del Vaticano, Mónaco, San Marino Reino Unido e Suíza	500 € /mes	750 € /mes
GRUPO 2	Chipre, Eslovaquia, Eslovenia, Estonia, Grecia, Letonia, Malta, Portugal e República Checa	450 € /mes	700 € /mes
GRUPO 3	Bulgaria, Croacia, Hungría, Lituania, Macedonia do Norte, Polonia, Romanía, Serbia e Turquía	400 € /mes	650 € /mes



Cofinanciado por
la Unión Europea



ATHENA



ERASMUS+ - MOVING IN EUROPE

TERCEIROS PAÍSES NON ASOCIADOS AO PROGRAMA	Resto de países extracomunitarios	700 € /mes	950 € /mes
---	-----------------------------------	------------	------------

*Considérase estudiantado con menos oportunidades:

- O estudiantado bolseiro do Ministerio de Educación, Formación Profesional e Deportes (MEFPD) ou do Departamento de Educación do País Vasco no curso anterior ao da realización da estadía.
- O estudiantado que teña recoñecida legalmente unha discapacidade en grao igual ou superior a un 33 %. De ser necesario, poderanse tramitar axudas adicionais dependendo do custo real dos gastos nos que incorra o estudiantado mediante a presentación de facturas polos seguintes conceptos: transporte, acompañantes, servizos profesionais, outro tipo de gastos derivados da mobilidade.
- O estudiantado que teña a condición de persoa refuxiada ou con dereito a protección subsidiaria ou teña presentada unha solicitude de protección internacional en España.
- O estudiantado que estea en risco de exclusión social.
- Vítimas de terrorismo, vítimas violencia de xénero.
- Familias numerosas, monoparentais ou en situación de orfandade.
- O estudiantado con persoas dependentes ao seu cargo.

A axuda Erasmus+ é unha axuda financiada pola Unión Europea co obxecto de contribuír a sufragar os gastos adicionais ocasionados pola participación neste programa de mobilidade internacional. Non ten como finalidade cubrir a totalidade dos gastos da estadía no estranxeiro.

➤ **AXUDA DE VIAXE**

O estudiantado recibirá unha axuda de viaxe que se calculará empregando a calculadora de distancias proposta pola Comisión Europea, que poderá atopar na seguinte ligazón: http://ec.europa.eu/programmes/erasmus-plus/tools/distance_en.htm, tomando como referencia o campus no que está matriculado na Universidade de Vigo ata a universidade de destino.

DISTANCIA DE VIAXE	En caso de viaxe non ecolóxica	En caso de viaxe ecolóxica*
Entre 10 e 99 Km.	28 € por participante	56 € por participante
Entre 100 e 499 Km.	211 € por participante	285 € por participante
Entre 500 e 1999 Km.	309 € por participante	417 € por participante
Entre 2000 e 2999 Km.	395 € por participante	535 € por participante
Entre 3000 e 3999 Km.	580 € por participante	785 € por participante
Entre 4000 e 7999 Km.	1.188 € por participante	1.188 € por participante

Cofinanciado por
la Unión Europea

ATHENA



HUMANITIES

8000 Km. ou máis	1.735 € por participante	1.735 € por participante
------------------	--------------------------	--------------------------

*Considérase viaxe ecolóxica o desprazamento nas súas viaxes **de ida e volta** nun medio de transporte con baixas emisións no tramo principal do traxecto (autobús, tren ou automóbil compartido con outras persoas beneficiarias da bolsa). Para percibir esta axuda, o estudantado deberá confirmalo antes do inicio da estadía pois deberá estar reflectido no convenio de subvención e achegar ao final da estadía nun único documento PDF unha declaración xurada e os xustificantes (billetes de tren ou autobús) na plataforma MoveON, no Portal de mobilidades saíntes a través do Formulario de Seguimento habilitado.

A Universidade de Vigo consignará a cantidade total máxima estimada de **85.000 €** en dúas anualidades, a expensas dos posibles incrementos da cota patronal que se poidan producir ao longo do período de execución das bolsas, para o que se achega o correspondente certificado de retención de crédito:

- En 2025, na aplicación orzamentaria 2025 00IN 121DERA 48210 un total de **30.000 €**.
- En 2026, na aplicación orzamentaria 2026 00IN 121DERA 48210 un total de **55.000 €**.

Este importe pode ampliarse dado que existe a posibilidade, en caso de necesidade, de que o financiamento do SEPIE supere o crédito retido para esta convocatoria ou pola posibilidade de transferir fondos doutras partidas establecidas no convenio de subvención asinado pola Universidade de Vigo e SEPIE a esta partida de bolsas. Este incremento do crédito está amparado polo artigo 58 do Real decreto 887/2006, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, xeral de subvencións, que permite fixar unha contía adicional que queda condicionada á declaración de dispoñibilidade do crédito e, no seu caso, á previa aprobación da modificación orzamentaria que proceda. A ampliación de crédito deberá ser publicada no [Portal de bolsas](#), con carácter previo á resolución de concesión sen que tal publicación implique a apertura de prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio dun novo cómputo do prazo para resolver.

Os pagamentos realizaranse en dous prazos, supeditados á recepción da documentación preceptiva e ao cumprimento das condicións contidas nesta convocatoria.

- **1º prazo:** Realizarase un primeiro pago polo importe correspondente ao 80 % da contía máxima da bolsa concedida segundo os seguintes criterios:
 - No caso de estudantado con menos oportunidades, o pago realizarase tras a sinatura do convenio de subvención.
 - No caso do resto de estudantado, o pago realizarase tras o envío do certificado de chegada.
- **2º prazo:** Realizarase un segundo e último pago pola contía restante tras a entrega dos documentos finais preceptivos ao rematar a estadía.

As axudas obxecto desta convocatoria destinadas a prácticas curriculares están exentas da retención do IRPF.

As axudas obxecto desta convocatoria destinadas á realización de prácticas extracurriculares, incluídos as do estudantado recén titulado, están suxeitas á retención do IRPF que estableza a normativa vixente.

Cofinanciado por
la Unión Europea

ATHENA



ERASMUS+ STUDENT

As axudas, tanto por prácticas curriculares como extracurriculares, concedidas a persoas participantes sen residencia fiscal en España, estarán suxeitas ás retencións estipuladas polas normativas tributarias aplicables

Todas as axudas no cadro desta convocatoria estarán afectadas polas obrigas de cotización á Seguridade Social (cota obreira).

Axuda da empresa/institución: A axuda Erasmus+ será compatible coas achegas en concepto de bolsa, abonos de transporte, comida, descontos en aloxamento, ben en diñeiro ou ben en especie que a empresa/institución achegue voluntariamente.

7. INCOMPATIBILIDADES

- Non é posible gozar ao mesmo tempo dunha bolsa Erasmus+ Estudos e dunha Erasmus+ Prácticas. É posible realizar un período Erasmus+ Estudos e outro Erasmus+ Prácticas durante o mesmo curso académico sempre que se respecte a duración mínima de cada período e queden pechados todos os trámites dunha estadia antes de comezar a seguinte.
- A bolsa Erasmus+ prácticas é compatible coa bolsa MEFPD e con calquera outra bolsa ou axuda obtida para a realización da mobilidade.
- O importe das bolsas en ningún caso poderá ser de tal contía que de xeito illado ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada, segundo establece o artigo 19.3 da Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións.

8. SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

8.1. Presentación de solicitudes

O período de solicitudes comeza ao día seguinte da publicación desta convocatoria e permanecerá aberto ata a finalización de fondos dispoñibles asignados para esta convocatoria e con data límite ata o **30 de novembro de 2025**.

A presentación de solicitudes supón a realización da totalidade dos seguintes pasos:

- Acceder ao portal de estudantado saínte na plataforma MoveON a través da ligazón:
<https://uvigo.moveon4.de/form/60c38279ac1c46496e1da6e4/spa>
O estudantado deberá identificarse cos datos de acceso á secretaría virtual.
- Unha vez dentro do portal, o estudantado deberá cumprimentar no apartado «procedementos abertos» o formulario correspondente á convocatoria Erasmus+ prácticas e achegar a documentación requirida.
Só se poderá presentar unha solicitude por estudante, polo que deberá revisar os datos e asegurarse de que a solicitude está debidamente completada antes de premer o botón de enviar.



Cofinanciado por
la Unión Europea



ATHENA



PROYECTOS - ACLES - CRUE

8.2. Documentación

No formulario de solicitude, no apartado “documentos requiridos”, achegarase a seguinte documentación utilizando a nomenclatura especificada no [glosario](#) que figura ao final deste documento:

- Carta de pre-aceptación da empresa/institución (Anexo II) na que se inclúa o programa das prácticas, as datas previstas da estadía e a sinatura das persoas titoras por parte da Universidade de Vigo e da empresa/institución de acollida.
- Informe favorable da persoa titora no que se acredite a relación das prácticas cos estudos da persoa solicitante.
- O estudantado de titulacións oficiais de mestrado que non realízae os seus estudos previos na Universidade de Vigo deberá presentar unha certificación académica oficial dos estudos previos de grao contendo a nota media en base 10 que deberá incluír tamén a nota media da promoción dos estudos nos que se graduou.

Acreditación do nivel de coñecemento do idioma, de ser o caso, mediante algún das seguintes certificacións:

- Certificacións oficiais recoñecidas pola *Asociación de Centros de Linguas en la Enseñanza Superior* (ACLES) na súa última actualización (<https://www.acles.es>) e as das Mesas Lingüísticas da CRUE na súa última actualización (<https://proyectos.crue.org/acreditacion/>)
- Certificación emitida pola secretaría daqueles centros que teñan aprobado unha Táboa de recoñecemento do nivel de lingua estranxeira segundo o MCERL. Esta certificación deberá recoller o nome e apelidos do estudantado, a titulación na que está matriculado, o nivel acadado na lingua estranxeira en cuestión, co aviso de que se emite para os únicos efectos de solicitar unha praza nesta convocatoria.

Na data de publicación desta convocatoria, os únicos centros que dispoñen desta Táboa son as facultades de Filoloxía e Tradución, Relacións Internacionais e Ciencias Empresariais e Turismo.

Quedan eximidos de acreditar o nivel de idioma:

- As persoas graduadas ou licenciadas de titulacións nas que, polo menos do 50 % das materias cursadas, a lingua de instrución coincida co idioma do país do centro de destino.
- O estudantado que aprobou un curso equivalente a cuarto da ESO ou superior en sistemas educativos onde a lingua de institución coincida co do país do centro de destino.
- Copia do DNI, só no caso de realizar prácticas extracurriculares.
- Certificado que acredite a condición de bolseiro/a con menos oportunidades: bolseiro/a MEFPD ou do Departamento de Educación do País Vasco, recoñecemento do grao de discapacidade de ser igual ou superior ao 33 %, etc.
- Certificado de ter realizada unha mobilidade Erasmus+, tanto de estudos como de prácticas. Achegarase o certificado de fin de estadía, onde se especifiquen as datas de inicio e de fin.

Cofinanciado por
la Unión Europea

ATHENA



HUMANITIES RESEARCH

- Poderase requirir calquera outra documentación necesaria para a correcta avaliación dos requisitos e da realización da actividade.

9. PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN

O obxecto e a finalidade da subvención permiten que non sexa necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas. A asignación das prazas de mobilidade realizarase por estrita orde de chegada das solicitudes completas de estudantes que cumpran cos criterios de elixibilidade mentres existan fondos dispoñibles a tal efecto. A elixibilidade de cada solicitude será avaliada por unha comisión composta por:

Presidenta: Amelia Rodríguez Piña, directora técnica da ORI

Secretaria: Rebeca Cofán Pereiras, xefa de negociado da ORI

Vogal: Ana M. Pérez López, xefa de área da ORI

Trala publicación da resolución de concesión, a persoa candidata será informada a través do enderezo de correo co dominio .uvigo indicado na solicitude.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

No caso de recibir unha solicitude incompleta, a ORI notificará á persoa candidata a documentación que falta. A persoa candidata terá un prazo de 10 días hábiles contados desde o día de notificación para emendar a súa solicitude. Se non a emenda nese prazo, desestimarase a solicitude e ditarase resolución de arquivo, sen prexuízo de que poida facer outra solicitude en prazo.

10. RENUNCIAS

As persoas seleccionadas que decidan renunciar á bolsa, deberán manifestar a súa renuncia por sede electrónica, mediante instancia xenérica dirixida á ORI.

11. OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

- As persoas beneficiarias deberán cumprir coas obrigas establecidas no artigo 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Estar matriculado/a na Universidade de Vigo no momento de realizar as prácticas, agás no caso de realizar as prácticas como persoas recentemente tituladas. A ORI comprobará este requisito e revogará a bolsa das persoas beneficiarias que non o cumpran.
- Seguir todas as indicacións que recibirá da ORI e das persoas responsables das súas prácticas.



Cofinanciado por
la Unión Europea



ATHENA



- Someterse ás mesmas normas que os/as estudantes ou traballadores na institución/empresa de destino no que atinxe aos requisitos de conduta.
- Comunicar con antelación suficiente calquera modificación dos datos indicados inicialmente na carta de pre-aceptación da empresa/institución.
- Cumprir os trámites e obrigas de cada fase da estadía que se indican a continuación:

➤ **ANTES DE INICIAR A ESTADÍA:**

Enviar pola plataforma MoveOn, a través do formulario de seguimento habilitado, no portal de mobilidades saíntes, a seguinte documentación utilizando a nomenclatura especificada no [glosario](#) que figura ao final deste documento:

- Ficha de perceptores e certificado de titularidade bancario no caso de realizar prácticas extracurriculares.
- Acordo de formación ou *Learning Agreement for Traineeships*, asinado electronicamente.
- Convenio de subvención entre o estudantado e a Universidade de Vigo, asinado electronicamente.
- Copia da Tarxeta Sanitaria Europea.
- Seguro de viaxe que cubra **responsabilidade civil privada, accidentes**, así como **repatriación**, con indicación das datas de cobertura, que deberán cubrir o período íntegro da estadía.
- Comprobante de ter realizada a proba de nivel obrigatoria OLS (*Online Linguistic Support*) no idioma no que se realizarán as prácticas. O documento deberá indicar o idioma, o nivel acadado e nome e apelidos do estudantado. Os resultados non impedirán que poida realizar a estadía de mobilidade.
- Visado, no caso de ser necesario. É responsabilidade do estudantado beneficiario tramitalo, aboar os seus gastos e asegurarse de cumprir coas condicións esixidas, especialmente no caso de estudantes con nacionalidade de países extracomunitarios e sen permiso de residencia en España. No caso de Reino Unido, cómpre ter en conta que se precisa un mínimo de tres meses para obter a documentación necesaria para realizar a estadía.

➤ **AO INICIO DA ESTADÍA:**

Enviar a través do formulario habilitado en MoveOn para este efecto, no portal de estudantes, a seguinte documentación:

- Certificado de chegada (*Arrival Form*) asinado pola persoa titora das prácticas, que serve como xustificante de inicio das prácticas.

➤ **DURANTE A ESTADÍA:**

- Comunicar á ORI calquera modificación do prazo de estadía na empresa/institución especificado no acordo de formación e no convenio de subvención cunha antelación mínima dun mes á data prevista de finalización no convenio de subvención asinado. No caso de ampliación, comprobar se o novo período está cuberto pola póliza de seguro inicial, de non



Cofinanciado por
la Unión Europea



ATHENA



HR - HUMAN RESOURCES

ser así, solicitar a ampliación da cobertura á compañía de seguros e enviar documentación acreditativa á ORI.

- Realizar as prácticas na empresa ou institución de destino segundo o acordo de formación suscrito.
- Respetar as normas, usos e costumes propios que rexan na empresa ou institución e no país de destino.
- Manter as condicións que deron lugar á concesión da bolsa durante todo o período de prácticas.
- Estar matriculado/a durante todo o período de realización das prácticas, excepto para as persoas recentemente tituladas.

➤ AO FINALIZAR A ESTADÍA:

- Acreditar a estadía efectiva, así como a súa duración, mediante un certificado orixinal de fin de estadía (***After the mobility***). Para ser válido, este certificado deberá ser asinado pola persoa responsable na entidade de acollida e incluír o selo oficial da devandita institución. Este certificado deberá enviarse por correo electrónico a practicas.ori@uvigo.gal.
- Encher e enviar a **enquisa UE (EU Survey)** en liña nos **30 días naturais** posteriores á recepción da invitación que recibirá por correo electrónico. A Universidade de Vigo poderá requirir o reembolso da axuda financeira concedida ao estudantado que non o faga.
- Seguir as instrucións da ORI con respecto á inclusión das prácticas no seu expediente académico ou tramitación do *Europass Mobility Document*.

12. PROTECCIÓN DE DATOS

A información sobre a política de protección de datos está dispoñible no [Portal de bolsas](#).

13. REINTEGRO

A concesión destas bolsas poderán ser revogadas polos seguintes motivos e, de ser o caso, suporá o reintegro por parte das persoas beneficiarias das contías incorrectamente percibidas:

- Que non se leve a cabo a estadía ou parte dela, salvo por causas de forza maior.
- Que se produza a alteración das condicións que se tiveran en conta para a concesión da axuda.
- Que non se observen as obrigas especificadas nesta convocatoria.
- Que exista ocultación de datos, alteración ou calquera manipulación da información solicitada.
- Que a persoa beneficiaria incorra en causas de incompatibilidade sobrevidas.



Cofinanciado por
la Unión Europea



ATHENA



ERASMUS+ - MOVING AHEAD

14. SINATURA ELECTRÓNICA

O estudantado deberá asinar a documentación que proceda mediante sinatura electrónica, polo que deberá dispoñer dun certificado de persoa física emitido pola Fábrica Nacional de Moneda y Timbre (FNMT) ou dun lector para o DNI electrónico.

Ligazón á guía sobre o procedemento para obter o certificado de persoa física:

https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/docs/universidade/institucional/sede/manual_cidadania_FNMT_gl.pdf

Os documentos que conteñan varias sinaturas non poderá mesturar sinaturas electrónicas con sinaturas manuscritas.

15. DISPOSICIÓN FINAL

As condicións establecidas nesta convocatoria corresponden coa información dispoñible no momento da súa publicación. Calquera modificación que, con motivo do establecemento de condicións non contempladas na mesma, veña determinada pola Comisión Europea, o SEPIE, ou o MEFPD, comunicarse ás persoas interesadas e publicarse na páxina web da Universidade de Vigo.

Para o non disposto nesta convocatoria ou para a súa interpretación, atenderase á normativa europea que rexe o programa *Erasmus+* e, subsidiariamente, á normativa de mobilidade internacional da Universidade de Vigo e ao regulamento de prácticas da Universidade de Vigo.

GLOSARIO PARA A ENTREGA DE DOCUMENTACIÓN:

A continuación indícase a nomenclatura que se debe utilizar para anexar a documentación requirida no formulario de solicitude en MoveOn.

Documentación para achegar coa solicitude:	
Carta de pre-aceptación da empresa/institución	Preacceptacion-apellido1-apellido2-nome/s
Informe da persoa titora	Informe titor- apellido1-apellido2-nome/s
Certificado académico de estudos previos, se procede	tor- apellido1-apellido2-nome/s
Acreditación do nivel de idioma, se procede	cid-apellido1-apellido2
Copia do DNI, no caso de prácticas extracurriculares	dni- apellido1-apellido2-nome/s
Certificado de recoñecemento da discapacidade	certdisc- apellido1-apellido2-nome/s
Certificado Erasmus+	Certerasmus-apellido1-apellido2-nome/s
Documentación para achegar unha vez seleccionados/as:	



Cofinanciado por
la Unión Europea



ATHENA



PROYECTO APOLO

Renuncia	re- apelido1-apellido2-nome/s
Ficha de perceptores	banco- apelido1-apellido2-nome/s
Certificado titularidade bancaria	certbanc- apelido1-apellido2-nome/s
Acordo de formación ou Learning Agreement for Traineeships (LA)	LA- apelido1-apellido2-nome/s
Convenio de subvención	cs- apelido1-apellido2-nome/s
Copia da Tarxeta Sanitaria Europea	ts- apelido1-apellido2-nome/s
Póliza do seguro	seg- apelido1-apellido2-nome/s
Visado, se procede	vis- apelido1-apellido2-nome/s
Documentación para achegar antes ou durante a estadía	
Documento de ampliación da estadía (de ser o caso)	amp- apelido1-apellido2-nome/s
Documento de chegada a destino (<i>arrival form</i>)	dll- apelido1-apellido2-nome/s
Documentación para achegar ao rematar a estadía	
Certificado orixinal de fin de estadía (<i>After the mobility</i>)	cefin-apelido1-apellido2-nome/s